

PROCEDIMENTO E PRAZOS APROBADOS POLA COMISIÓN MIXTA DE GRATUIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE NA SÚA XUNTANZA DO 14 de MAIO DE 2024

A fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 86 e Anexo V do VII Convenio Colectivo da Ensinanza Concertada, a Comisión aproba o seguinte:

1. O traballador ou traballadora presentará as solicitudes –*unha por cada fillo/a*- no centro educativo no que pretenda gozar da gratuidade, mediante o modelo de solicitude aprobado pola Comisión. No caso de solicitudes para outra provincia, deberán terse en conta os prazos establecidos pola Comisión de dita provincia.
2. A solicitude deberá ser selada tanto polo centro no que traballa o solicitante, como polo centro no que se solicita a beca, se son centros diferentes. O centro receptor quedarase cun exemplar, e devolverá dous exemplares ao solicitante: un para o propio interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.
3. O modelo de solicitude –*unha por cada fillo/a*- enviarase dende as direccións dos centros por correo electrónico aos traballadores, tamén poderá pedirse o documento en papel nas secretarías dos propios centros.
4. **O prazo para presentar a solicitude é do 15 de maio ao 30 de maio (ambos incluídos).** Os centros non recollerán solicitudes despois desta data.
5. A Comisión delega nas empresas educativas a competencia de adxudicación provisional das prazas gratuítas. A este efecto, **constituirase en cada empresa educativa unha comisión**, formada pola persoa titular da dirección e a persoa que presida o Comité de Empresa, ou un Delegado dos traballadores, de non ter comité. No suposto de centros nos que non exista representación legal dos traballadores, será elixido entre os membros do Claustro un docente para formar parte desta comisión.
6. Os centros de ensino deberán enviar á Comisión Mixta de Becas de Ourense o **ANEXO IV** asinado polas persoas que formen parte da comisión citada no apartado 5, no que conste a relación de becas DENEGADAS e o número de becas concedidas, **non máis tarde do día 8 de xuño.**

Non se enviará ningún outro documento á Comisión Mixta.

7. Acordada a adxudicación ou denegación, a dirección do centro comunicará a cada solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma, neste suposto de maneira razoada e por escrito. **O último día para esta comunicación será o día 11 de xuño de 2024**
8. No caso de non existir comunicación por escrito aos traballadores solicitantes, ou de facerse esta comunicación fóra do prazo sinalado, entenderase automaticamente **CONCEDIDA** a beca.
9. A Comisión poderá revisar as adxudicacións efectuadas polo centro no suposto de non axustarse ao procedemento ou criterios establecidos pola comisión, ou no caso de non axustarse ao convenio colectivo de aplicación.
10. O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta, ou os centros afectados, poderán formular reclamación perante a Comisión Mixta de Becas. **O último día para presentar esta reclamación será o día 18 de xuño (este incluído).**
11. Lembraráselles aos traballadores e traballadoras beneficiados pola beca que reúnan os requisitos necesarios para solicitar axudas ao estudo ofertadas polas administracións públicas, **A OBRIGA QUE TEÑEN DE SOLICITAR DITAS AXUDAS,** recollida no artigo 86.5º do VII Convenio.
12. A Comisión Mixta solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna, e resolverá as reclamacións presentadas **antes do día 28 de xuño de 2024.** A súa decisión é inapelable. Con este obxecto, a Comisión reunirase, de ser necesario, o **día 27 de xuño de 2024.**
13. Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas no COLEXIO MARISTA SANTA MARÍA, na rúa Bedoya, 9 – 32004 Ourense. Tfno: 988228152. director@maristasourense.com